



OUTEIRO DE REI

Número 12

Revista de información municipal

Primavera 2023



Concesión da Bandeira Verde de Galicia

A Xunta reconece a Outeiro de Rei como un concello
exemplar e pioneiro en políticas medioambientais

Novas parcelarias



Avanzan os trámites da Xunta de Galicia para as concentracións parcelarias de San Fiz de Paz, Arcos, Sobrada e San Lourenzo. O proxecto contempla a reordenación de 2.450 hectáreas.

Novo Centro de Saúde



Nos próximos meses comezarán os traballos de ampliación do Centro de Saúde de Outeiro de Rei, tralo protocolo asinado polo Concello e a Consellería de Sanidade. As novas instalacións permitirán unha mellor calidade asistencial.

Sector lácteo



O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, participou na presentación en Outeiro de Rei do proxecto de Reny Picot para a factoría láctea de Santa Mariña. O Goberno galego respalda esta iniciativa.

En 2023 complétase o mandato da actual Corporación Municipal



No ano 2023 os veciños e veciñas de Outeiro de Rei deberemos acudir ás urnas na dobre cita electoral para os comicios municipais e xerais. No mes de maio está previsto que se celebre a consulta para renovar a Corporación Local elixida en 2019 e presidida por José Pardo Lombao. Estivo integrada por 9 concelleiros do Partido Popular (Begoña Seco Varela, José Yebra Amorín, Pilar Méndez Lombao, Jesús Fernández García, María José Fernández Vigo, Antonio López Pérez, Tania Díaz Seijas e Luis Varela Pérez); 3 do BNG (Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Rita Castedo Meilán); e 1 do PSdeG-PSOE (María del Carmen Acacio López).

O custe real da prestación foi de 557.863 euros

Axuda no Fogar empregou máis de 34 mil horas no último ano para atender a 105 unidades familiares

A axuda no fogar ten a consideración de prestación básica de servizos sociais de atención primaria, que non exime á familia das súas responsabilidades. Este servizo abrangue diferentes necesidades do individuo apoiando e estimulando os aspectos de relación humana, autoestima e a mellora das condicións de vida.

O Servizo de Axuda no Fogar componse de dúas modalidades de servizo: o de Libre concorrencia e a atención a casos con recoñecemento da situación de Dependencia, segundo a valoración realizada pola Xunta de Galicia.

O SAF de Libre concorrencia, financiado exclusivamente con fondos da

Administración Local e o correspondente copago por parte das persoas usuarias, e o SAF na modalidade de Dependencia incrementaron o pasado ano o número de horas para atender ás persoas beneficiarias: foron 34.606 horas de atención a 105 unidades familiares, 1.200 horas máis que as empregadas no ano anterior (2021). O custe total do servizo en Outeiro de Rei foi de 557.863,33 euros.



Outro servizo moi vinculado ao propio SAF, co que ten compatibilidade, é o de Teleasistencia Domiciliaria, tanto na súa modalidade básica como, recentemente, a avanzada, favorecida pola dotación das novas tecnoloxías. En 2022 disfrutaron deste servizo máis de 50 persoas.

Os investimentos en obras acapararon máis do 42 por cento do gasto

A Corporación Municipal de Outeiro de Rei dispuxo no anterior exercicio económico dun orzamento de algo máis de 7,5 millóns de euros. A partida destinada aos investimentos reais foi a máis importante do gasto, co 42,5% do total, seguida polos capítulos destinados a bens correntes e servizos (37,52%). Complétase cos gastos de persoal, transferencias correntes, gastos financeiros e pasivos financeiros.

Nos capítulos de ingresos destacan os impostos directos e indirectos e as taxas municipais, as transferencias correntes e de capital, e o alleamento de investimentos. ■

GASTOS	2022	INGRESOS	2022
Gastos de persoal	1.250.817,07	Impostos directos	1.427.000,00
Bens correntes e servizos	2.832.280,22	Impostos indirectos	100.000,00
Gastos financeiros	26.000,00	Taxas e outros ingresos	2.676.069,22
Transferencias correntes	211.336,00	Transferencias correntes	2.039.194,97
Investimentos reais	3.204.866,73	Ingresos patrimoniais	0,00
Transferencias de capital	0,00	Alleamento de investimentos	76.920,00
Activos financeiros	0,00	Transferencias de capital	1.221.685,53
Pasivos financeiros	15.570,00	Activos/pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS	7.540.870,02	TOTAL INGRESOS	7.540.870,02

Actuacións de mobilidade urbana sostible en Outeiro de Rei, Bonxe e Guillar **O Concello desenvolveu proxectos que favorecen o tránsito de peóns e ciclistas para mellorar a seguridade vial e a vida saudable**



A secretaria xeral de Industria, Paula Uría, visitou o parque empresarial de Outeiro de Rei con motivo da actuación de mellora das infraestruturas viarias levada a cabo co apoio da Xunta de Galicia. En concreto, a Administración galega aportou máis de 114.000 euros (o 80%) para un proxecto no que se investiron 143.000 euros (o resto foi aportación do Concello de Outeiro de Rei).

O Concello de Outeiro de Rei levou a cabo catro actuacións encamiñadas a mellorar a mobilidade no núcleo urbano de Outeiro de Rei, Bonxe e das urbanizacións de Guillar. O Instituto para a Diversión e Aforro da Enerxía (IDAE) financiou con 773.547 euros o 89% do custe total (966.934 euros), cunha subvención para proxectos singu-

lares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible. O estacionamento na contorna do CEIP Laverde Ruiz, e os carrís bici do Polígono a Bonxe e de Outeiro de Rei a Guillar contribúen a mellorar a seguridade vial e a vida saudable.



Estacionamento e carril bici na contorna do CEIP Laverde Ruiz e carril para peóns e ciclistas de Outeiro de Rei a San Martiño de Guillar.





Completada a instalación da fibra óptica en todas as parroquias do concello

Nas últimas semanas quedou completada a extensión do servizo de fibra óptica a todas as parroquias do concello de Outeiro de Rei, convertíndose así no primeiro da provincia de Lugo que logra achegar esta tecnoloxía a toda a poboación. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Digital lanzou un plan para levar a conexión a varias parroquias. Despois, Adamo, a compañía operadora deste despliegue promoveu a extensión do servizo a outros puntos necesitados de cobertura. E o Concello de Outeiro de Rei financiou a colocación de 500 postes como soportes para a instalación da fibra óptica.



Traballadores da empresa EXTEL, encargada da extensión da fibra óptica en Outeiro de Rei, realizan os enganches oportunos na zona de Bravos (Vicente), a parroquia que completa este servizo básico.

Comezou a construción das piscinas municipais na zona da Santa Isabel



A Xunta e o Concello de Outeiro de Rei investiran algo máis de 1,1 millóns de euros na habilitación dunha nova área de ocio no marco do plan Hurbe, trala sinatura dun convenio entre a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Angeles Vazquez, e o alcalde, Jose Pardo (imaxe inferior).

A nova área localízase nunha parcela de 2.688 m², nas inmediacións de Santa Isabel, e contará con dúas piscinas ao aire libre: unha de uso infantil e outra para adultos, e un centro para bicicletas de montaña. A maiores, construírase unha edificación polivalente, que podería albergar unha cafetería, e contará con zonas destinadas a usos complementarios. ■



A Xunta e o Concello investirán 162 mil euros na ampliación do abastecemento



A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, anunciou a licitación da 2ª fase da mellora do abastecemento de Outeiro de Rei, que completará a ampliación da rede municipal. Esta actuación suporá un investimento de 162.000 euros e o obxectivo é que estea á disposición do municipio a finais de 2023.

Esta 2ª fase consistirá na ampliación da rede mediante a instalación dun ramal que conectará coa rede actual na zona empresarial de Outeiro de Rei, pasando baixo a A-6. ■

Infraestruturas municipais

O Concello destina cada ano máis de 400 mil euros á mellora das estradas, pistas e camiños nas distintas parroquias

O Concello de Outeiro de Rei xestionou nos últimos anos obras importantes que supuxeron unha mellora da seguridade vial e das condicións das estradas, pistas e camiños para o tránsito de persoas e vehículos, e proxectos en espazos públicos e de recuperación de edificios de titularidade municipal ou veciñal. Para acadar este obxectivo habilitou partidas do orzamento municipal e contou co apoio da Xunta de Galicia e da Deputación, a través do Plan Único.

Cada ano, desde hai varios exercicios económicos, o Concello de Outeiro de Rei destina máis de 400.000 euros do orzamento municipal á rexeneración da capa de rodadura e á mellora das condicións para transitar polas vías públicas na maior parte das parroquias.

Ademais, a Consellería de Medio Rural da Xunta executa obras de reforma en accesos a núcleos con explotacións gandeiras a través do Plan Marco de mellora de infraestruturas rurais, e do plan PIR, financiados ambos con fondos FEDER da Unión Europea.

A maiores, o Concello de Outeiro de Rei destina unha parte dos fondos do Plan Único, en convenio coa Deputación, á mellora da rede viaria local, para subsanar os desperfectos causados polas condicións climatolóxicas adversas, e o tráfico de maquinaria agrícola e vehículos utilitarios.

Outros proxectos contan con financiamento a través do IDAE (Instituto para a Diversificación e Aforro Enerxético) e da Consellerías de Medio Ambiente e de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

Nas últimas semanas leváronse a cabo actuacións en estradas e pistas que dan servizo para circular entre Matela e Folgueira; Matela e a Urbanización As Rozas; nas rúas interiores de Castelo e nos accesos a explotacións agrarias en Vilar de San Fiz de Paz.



A Xunta e o Concello aportarán 750 mil euros para a 2ª fase **Completada a primeira fase da construción** **do Centro de Día para persoas maiores**

Como estaba previsto, quedou rematada a primeira fase da construción do Centro de Día, nun edificio rehabilitado na confluencia das rúas Manuel María e do Pazo, onde se ubica a Casa Forte de Outeiro, edificio de planta cuadrada e tres alturas que data do século XV.

Na primeira fase o esforzo centrouse rehabilitación da casa rectoral, co investimento de 200.000 euros. Agora está prevista a execución da segunda parte do proxecto, co que rematarán os traballos de acondicionamento da vella edificación para adaptalos ás necesidades dun Centro de Día moderno e con todas as comodidades para os usuarios. Esta segunda fase contará cun orzamento de 750.000 euros, repartidos entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social (600.000 euros) e o propio Concello de Outeiro de Rei (150.000 euros).



Así quedará a fachada do edificio principal que acollerá o Centro de Día de Outeiro de Rei, segundo a infografía facilitada polo equipo redactor deste proxecto. A Xunta de Galicia e o Concello, unidos para facelo realidade.



Visita do delegado territorial da Xunta

A Xunta mellorou a eficiencia enerxética do **CEIP Laverde Ruiz tras investir 216.000 euros**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade levou a cabo as obras de mellora da eficiencia enerxética no CEIP Laverde Ruiz de Outeiro de Rei, nas que investiu case 216.000 euros.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou o resultado dos traballos, realizados no bloque das aulas de Educación Infantil e no principal. Neste último exceptuáronse os espazos resultantes da ampliación realizada hai catro anos, na que se investiron 865.000 euros e que que xa reúne as condicións axeitadas para un menor consumo enerxético.

Parques infantís

O Concello de Outeiro de Rei levou a cabo unha importante reforma do parque infantil da urbanización Triacqua de San Martiño de Guillar, centrada sobre todo na instalación de caucho na zona de xogos para amortiguar as caídas, evitando fracturas e queimaduras de pel. Este é un plan que desenvolve o Concello e que irá extendéndose progresivamente ás distintas zonas de xogos en espazos recreativos das nosas parroquias. As urbanizacións de Guillar contan con varios espazos para disfrute dos máis novos e das familias.



Urbanización Triacqua



Entrega das bandeiras verdes 2022, presidida pola conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez



Izado da bandeira na Praza do Concello

Outeiro de Rei recibiu da Xunta a Bandeira Verde de Galicia por segundo ano consecutivo

O delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias, e o alcalde, José Pardo participaron no izado da bandeira verde na Praza do Concello, xunto á Casa Consistorial, distintivo que conseguen por segunda vez consecutiva e que outorga a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para enxalzar as boas prácticas ambientais e de protección e conservación da paisaxe.

Durante o acto desenvolveuse unha campaña de fomento da compostaxe doméstica, na que se repartiron 50 composteiros aos veciños e veciñas interesados. Para elo, instalouse unha carpa informativa na que se podía soli-

ciar o recipiente, que se entrega de forma gratuíta, e impartíuse unha charla sobre a materia no salón de plenos. Tamén se iniciou a distribución de 100 contedores amarelos de reciclaxe en distintos núcleos de poboación do noso municipio. Ademais, Outeiro de Rei é un dos concellos pioneiros na implantación dos contedores marróns.

O Goberno galego achegou 8.660 euros ao concello ao abeiro das axudas para a execución de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, en concreto para proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresíduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria.

Concello exemplar

A Bandeira Verde reconece o esforzo e a implicación do Concello de Outeiro de Rei na protección da paisaxe e do patrimonio cultural, e no desenvolvemento de actividades relacionadas coa ordenación territorial, a protección do medio ambiente, o cambio climático, a eficiencia enerxética, a xestión responsable dos residuos, así como accións de sensibilización e comunicación para concienciar aos veciños e veciñas da importancia de actuar e avanzar nestes ámbitos. A Consellería de Medio Ambiente reconece tamén as boas prácticas para a redución das emisións de CO2 e o fomento da correcta xestión do lixo.

A primeira bandeira, de mans de Alberto Núñez Feijóo

Coincidindo co Día Internacional da Paisaxe de 2021, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, visitou Outeiro de Rei para entregar as primeiras bandeiras verdes de Galicia. Na imaxe, Núñez Feijóo xunto á conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, e José Pardo Lombao, alcalde de Outeiro de Rei, un dos nove concellos de Galicia galardoados nesa primeira edición.



OUTEIRO DE REI 2021

Ampliación do Centro de Saúde, que integrará tamén o PAC no mesmo edificio

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao, asinaron un protocolo de colaboración para a execución das obras de ampliación do Centro de Saúde para integrar nel o Punto de Atención Continuada (PAC). O proxecto de ampliación prevé unhas novas instalacións de case 500 m², cun maior tamaño das consultas de medicina e enfermmería e da sala de observación que alberga o box de críticos, así como a incorporación de novos espazos. Os terreos para esta ampliación foron adquiridos polo Concello e postos a disposición da Consellería de Sanidade. ■



García Comesaña e Pardo Lombao, na sinatura do protocolo de ampliación do centro de saúde de Outeiro de Rei, que figura na fase 1 do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria aprobado polo Consello da Xunta.

A Xunta reorganizará unha superficie de 2.450 hectáreas, a través de dúas novas concentracións parcelarias



O conselleiro e os técnicos de Medio Rural informaron aos veciños e á Corporación Municipal sobre detalles formais e legais que conlevan as dúas novas concentracións parcelarias no noso concello.

O conselleiro do Medio Rural, José González, acompañado da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, e do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, xunto co alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, mantiveron unha reunión con veciños para presentarlles as dúas novas concentracións parcelarias decretadas neste municipio.

Concretamente, na zona de San Fiz de Paz reorganizárase unha superficie de 1.146 hectáreas distribuídas en 1.678 parcelas, propiedade de 313 veciños. No tocante á zona de Arcos-Sobrada de Aguiar-San Lourenzo de Aguiar, reestruturárase unha superficie de 1.305 hectáreas distribuídas en 3.039 parcelas, propiedade de 520 veciños. ■



Exposición sobre As paisaxes da auga

Na Praza do Concello, a carón da Consistorial, permanece a exposición itinerante *As paisaxes da auga*, que promoven conxuntamente os Concellos de Outeiro de Rei e Castro de Rei para promocionar os seus espazos naturais. Está configurada en oito cubos desmontables formados por estruturas de aceiro galvanizado e paneis de aluminio impresos. No financiamento deste proxecto divulgativo a Xunta achega o 65% a través do Fondo de Compensación Ambiental.

"O CONCELLO DEBE SEGUIR POTENCIANDO OS SERVIZOS BÁSICOS E BUSCANDO FÓRMULAS PARA QUE OS NOSOS VECIÑOS DISPOÑAN DUNHA BOA CALIDADE DE VIDA"

Xa na última fase do mandato da actual Corporación Municipal, o alcalde, **José Pardo Lombao**, considera que se lograron avances importantes e que continúa a xestión do Goberno municipal para mellorar os servizos e as infraestruturas públicas.



P.- *Complétase en cuestión de semanas o mandato da actual Corporación Municipal de Outeiro de Rei. Qué valoración fai destes catro anos?*

José.- Non foi unha lexislatura normal, como todos sabemos, xa que estivo marcada pola pandemia e as súas consecuencias. Foi unha situación nova e descoñecida para todos e houbo que adoptar moitas medidas: primeiro, en colaboración coas autoridades sanitarias para tratar de impedir a propagación da covid, e despois para solucionar os problemas que afectaron a moitas persoas e familias. Por sorte, fomos recuperando a normalidade e cabe agardar que esa situación non volva a repetirse.

P.- *De qué forma afectou ao funcionamento do Concello de Outeiro de Rei??*

José.- Quitando os primeiros días da pandemia, en marzo de 2020, cando houbo que pechar a Casa Consistorial, sempre estivemos a disposición dos nosos veciños e veciñas tratando de resolver calquera problema, e procurando manter o nivel normal dos servizos municipais. E despois tamén se levaron a cabo obras importantes en infraestruturas públicas e se puxeron en marcha novos proxectos. Algúns xa son realidade e outros o serán próximamente.

P.- *Outeiro de Rei é un dos concellos da provincia que medrou en poboación trala pandemia, continuando na liña dos últimos anos. O incremento do censo obriga a redefinir a política municipal?*

José.- Outeiro de Rei é un concello de presente e de futuro, e hai datos que así o confirman, como o nivel de renda per cápita ou o incremento do censo. Hai xente nova con nenos en idade escolar, o que nos obriga a buscar solucións, sobre todo á hora de

mellorar a conciliación laboral e familiar. Seguimos traballando para que así sexa, e os servizos de Outeiro Madrugador, Outeiro Tarde e Outeiro Lúdico son bos exemplos.

P.- *Qué destacaría como logros máis importantes deste mandato que está a punto de rematar?*

José.- Hai moitas obras importantes, como as de mantemento de estradas, pistas e camiños municipais, ou tamén as melloras no abastecemento e no saneamento. Tratamos de potenciar outros servizos municipais, como os de carácter social, as políticas de emprego e de apoio aos emprendedores, e tamén de protección do medio ambiente, con novos contedores de lixo e políticas a prol da natureza que mereceron o recoñecemento coa Bandeira Verde de Galicia por parte da Xunta. Tamén se construíron os carrís bicis, o enlace das urbanizacións de Guillar coa N-VI e se mellorou a seguridade vial na contorna do CEIP Laverde Ruiz. Tamén se realizaron melloras nas instalacións deportivas e se colaborou coas asociacións veciñais, por poñer algúns exemplos.

P.- *Cómo concibe o futuro do noso concello?*

José.- Outeiro de Rei é xa un importante motor industrial e laboral da comarca, e hai que traballar para consolidar esa situación. Debemos seguir mellorando os servizos que inciden na calidade de vida dos cidadáns, como o Centro de Día, as piscinas municipais e o futuro Centro de Saúde, que ofrecerá ao persoal sanitario e aos pacientes unhas instalacións modernas e funcionais. E haberá que dar resposta tamén aos problemas que xurdan no día a día.

O delegado da Xunta e o alcalde deron a benvida aos 322 alumnos e alumnas do CEIP Laverde Ruiz



O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, acompañados pola xefa territorial de Educación, María José Gómez, compartiron o inicio de curso coa comunidade educativa do CEIP Laverde Ruiz, no que se incorporaron ás aulas 322 alumnos e alumnas. Destacou que "este regreso se vive nun ambiente de normalidade, despois das adaptacións que houbo que facer os dous anos anteriores por mor da pandemia e que esixiron un enorme esforzo tanto por parte do profesorado como das familias".

Programas de conciliación

O Concello de Outeiro de Rei favorece a conciliación da vida familiar e laboral a través dun programa de apoio á educación no que se inclúe a Escola Infantil Municipal e as iniciativas do Outeiro Madrugador, Outeiro Tardes e Outeiro Lúdico. Están dirixidas a nenos e nenas de 3 a 12 anos empadroados/as en Outeiro de Rei ou matriculados/as no CEIP Laverde Ruiz.

A secretaria xeral de Igualdade, Susana López, destaca o esforzo do Concello contra a violencia de xénero

A secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, asistiu á xuntanza da mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero de Outeiro de Rei, onde destacou o importante papel deste órgano na prevención e actuación áxil ante a detección de casos e para garantir a eficacia dos recursos destinados ás vítimas. Sinalou que son "factor determinante" para conseguir unha mellor eficacia e complementariedade dos recursos destinados á intervención integral coas vítimas e engadiu que as mesas locais constitúen una ferramenta operativa na que están representados todos os ámbitos municipais implicados, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero.



Actividades de promoción da muller (primeiro semestre de 2023)

O Concello presentou e abriu o prazo para as actividades de promoción da muller que se desenvolverán nos primeiros meses do ano. A oferta inclúe:

- ◆ PREVENCIÓN E CONTROL DO ESTRÉS E DA ANSIEDADE. TÉCNICAS DE RELAXACIÓN.
- ◆ USO LIBRE DE ORDENADORES E INTERNET CON ACOMPAÑAMENTO PARA RESOLVER DÚBIDAS.
- ◆ OBRADOIRO DE ELABORACIÓN DE CONSERVAS DE FROITAS, VERDURAS E ESCABECHES.
- ◆ OBRADOIRO DE ARTE FLORAL.
- ◆ DE FEIRA Á SEMANA VERDE DE SILLEDA.

A programación prevista para 2023 completárase, xa no segundo semestre do ano, coas actividades:

- ◆ TECENDO CON FIBRAS VEXETAIS, ◆ TAICHI, ◆ PRODUCTOS DE LIMPEZA ECOLÓXICOS e para conmemorar o 25N, ◆ ANDAINA POPULAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Lembrar que na páxina web municipal outeiroderei.gal existe un enlace ao CORREO DA IGUALDADE no que, a través dun formulario ao que se pode acceder dende a web municipal, as persoas que o desexen poderán realizar as súas achegas ou suxestións en materia de igualdade.

Pódese acadar máis información ou realizar as inscricións na Casa da Cultura de Outeiro de Rei ou no tfno.: 982 393 408.

SM: presentación do documental 'Mulleres que inspiran'

O 8 de marzo, Día da Muller Traballadora, tivo lugar a presentación do vídeo MULLES QUE INSPIRAN AS QUE ABRIRON. CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.



O vídeo foi realizado pola empresa BuleBule, un traballo audiovisual co que o Concello de Outeiro de Rei quixo dar un merecido recoñecemento ás mulleres maiores do municipio a través de oito protagonistas, de entre 81 e 97 anos. Ao acto asistiron o alcalde, José Pardo, a concelleira Pilar Méndez, e Irene Modia, en representación da produtora, e as protagonistas: María Parga, de Candai; Manuel López, de Santa Mariña; Dolores Mouriz, de Guillar; Manuela Núñez, de Robra; María Concepción Piñeiro, de Vicinte; Luisa Rodríguez, de Silvarrei; e Celia López, de Outeiro de Rei (María Adoración Fernández, de San Lourenzo, no poido asistir).



Outeiro de Rei di NON á violencia de xénero

O Concello de Outeiro de Rei organizou unha andaina contra a violencia de xénero. As persoas participantes na mesma guiadas pola concelleira de Deportes, Pilar Méndez Lombao, fixeron un percorrido pola insua de Seivane, e tiveron un recordo moi especial para as mulleres e menores falecidos vítimas de violencia de xénero e para todas aquelas persoas que a sofren. Durante a mesma, a concelleira de Servizos Sociais, M^a José Martínez Vigo, realizou a lectura do manifesto institucional do Concello con motivo do Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller.

Todos os días son
25N





Esta parroquia conta con 118 habitantes (64 mulleres e 54 homes), repartidos entre os lugares de Astariz, Fontela, Caboi e Os Matos, que se asentan sobre unha superficie de 2,5 quilómetros cadrados.

Atrás quedaron os tempos nos que a agricultura e a gandería ocupaban á maior parte dos seus veciños e veciñas, convertíndose agora nunha das zonas que experimentou maior crecemento urbanístico.

Outro dos lugares de referencia é a chamada Casa de Prado, con escudo señorial na fachada e vellas reminiscencias de moradores importantes no Antigo Réxime e dun cárcere anexo que aínda se conserva, aínda que reconvertida agora nunha moderna vivenda.

Pero a historia de Caboi ven de lonxe. Hai referencias da época sueva no "Inventario do Patrimonio artístico de España: Lugo e a súa provincia", cando a aldea de Astariz ostentaba o título de Couto Real e gobernábase con autoridades propias. Xa na época medieval, esta parroquia debeu ser unha fortaleza, xa que aínda se poden apreciar nalgúns lugares restos de murallas e foxos que a rodearon naqueles tempos; tamén hai noticias da existencia dunha torre, hoxe desaparecida.




Escudo da Casa de Prado



Cruceiro



Área recreativa



Alfonso Rodríguez Candal, pedáneo de Caboi:

"A instalación da fibra óptica era unha demanda social"

P.- Qué cambiou nestes case 40 anos que leva como pedáneo de Caboi?


Alfonso.- Sen dúbida, o saneamento, a mellora das pistas e do alumado público. Temos bos servizos nunha das parroquias de Outeiro de Rei que máis medrou nos últimos anos.

P.- A traida da auga está conectada a través do Polígono de Rábade. Vaise modificar?

Alfonso.- Aínda que non temos problemas de subministración, a conexión aos depósitos municipais de Martul é outro avance importante para garantir un bo servizo.

P.- Hai algo que mellorar na parroquia de Caboi?

Alfonso.- Non temos grandes necesidades. E a recente instalación da fibra óptica dá resposta ás demandas de moitos veciños que a demandaban.



Centro Social



Campo da festa

Santa María Madanela (ou Madalena) de Sobrada de Aguiar ocupa 5 quilómetros cadrados, delimitada polas parroquias de Arcos, San Lourenzo e Vilela, e polo concello de Castro de Rei polo Norte. Dista 7,1 quilómetros da capitalidade municipal.

De tradición agropecuaria, coma o resto das parroquias de Outeiro de Rei, a situación laboral foi mudando nos últimos anos, debido a construción dos parques empresariais de Outeiro de Rei e Castro de Riberras de Lea.

Entre os vestixios históricos localizados na súa contorna compre resaltar un castro coñecido polos veciños como O Castro de Riazás, que está situado nunha finca de propiedade privada; de acordo a tradición popular uníase á famosa Torre de Sobrada, a través dunha galería subterránea. Esta torre, derrubada durante a Revolta Irmandiña, no 1467, fora construída pouco antes, no século XV, por Fernán Pérez de Ribadeneira sobre unha edificación anterior nunha ladeira que domina Castro Riberras de Lea e Aguiar. A uns metros da mesma atópase a Casa señorial de Sobrada con escudo cuartelado con armas de Andrade, Aguiar e Ribadeneira (hoxe no Museo Provincial de Lugo).

Jesús Fernández García, pedáneo de Sobrada: "A concentración parcelaria é moi importante"

P.- Sobrada foi sempre unha parroquia moi unida?

Jesús.- Podemos dicir que sí, e como exemplo temos a reforma da igrexa na que colaboraron a Deputación, o Concello e a maior parte dos veciños.

P.- A nivel dotacional e de servizos, cómo está agora esta parroquia?

Jesús.- En xeral, ben, xa que temos boas comunicacións, así como unha traída de auga suficiente e de calidade, o mesmo que a iluminación pública. Outro dos logros importantes foi a adquisición do campo da festa, grazas á Deputación e ao Concello, e o local social, que se fixo coa aportación municipal.

P.- De cara ao futuro, hai algunha prioridade?

Jesús.- A concentración parcelaria, e agardamos que se faga realidade o antes posible.





San Pedro de Arcos ocupa 2,5 quilómetros de extensión, nos que teñen cabida os lugares de Bullas, A Cabana, O Cruceiro, O Pecouzo, A Torre e O Bidral. Limita coas parroquias de San Fiz de Paz e Sobrada, e polo concello de Castro de Rei en Ribeiras de Lea. Estamos en plena chaira, con altitudes que non superan os 400 metros. Os regatos das Veigas de San Lourenzo e das Bullas constitúen a súa conca hidrográfica. En Arcos residen 73 persoas (39 homes e 34 mulleres). A construción dos parques empresariais de Castro e Outeiro de Rei repercutíu á hora de atopar emprego.

Remontándonos máis de tres mil anos atrás atopámonos cun grupo de mámoas en Bullas, que aparecen en inventarios arqueolóxicos desta zona, que responden ás crenzas e o culto aos mortos da poboación castrexa.

O esplendor que viviu o municipio na Idade Media plásmase nesta parroquia coa presenza de dúas casas señoriais: o Pazo de Miraz (hoxe dedicado a casa de labranza) e a Casa-Torre de Arcos, hoxe desaparecida e da que só temos noticia a través das fontes bibliográficas.

Xa máis recentes son dous cruceiros importantes, un deles datado no ano 1883.



Cemiterio



Carballo da igrexa



Virxe das Angustias



Fonte



Centro social



Manuel Lozano Valiña, pedáneo de Arcos:

"Os servizos están ben compensados para todos"

Manuel foi elixido pedáneo en 2002, coincidindo nese tempo coas obras de ampliación do cemiterio e de acondicionamento da igrexa parroquial.

P.- Foi esa a culminación dun traballo colectivo?


Manuel.- O cemiterio quedaba pequeno e todos tiñamos claro que había que ampliálo. Ademais da xente da parroquia colaborou o párroco don Gerardo Sampayo e o Concello.

P.- De qué outros servizos están máis satisfeitos?

Manuel.- Traballouse moito e apreciase na rede viaria e nos servizos básicos. Tamén compramos o campo da festa grazas á colaboración veciñal.

P.- É agradecido traballar co apoio de máis xente?

Manuel.- Está claro, somos un pobo unido e o resultado vai en beneficio de todos.



Centro social



Insua de Seivane



Fonte do século XIX



Ponte sobre o río Narla

Conta con 87 habitantes (46 homes e 41 mulleres), repartidos entre os lugares de Gondai, As Latas, Parada, O Pazo, San Paio, Seivane e Pascuais.

A primeira mención desta parroquia atopámola no testamento maior de Odoario (ano 747). E posteriormente cítase a súa igrexa en varios inventarios de bens da catedral de Lugo, así como nun privilexio do rei Alfonso III (ano 897).

Como vestixios históricos debemos resaltar o conxunto de 10 mámoas localizadas no seu monte. Os castros de As Croas e Sampaio, así como as casas señoriais de Gondai e Sampaio (do século XVII e reformada en 1856) son outros exemplos da respectable antigüidade desta parroquia. A Casa de Gondai acolleu en 1999 a rodaxe da película "Cuando vuelvas a mi lado", de Gracia Querejeta, protagonizada, entre outras, por Mercedes Sampietro, Julieta Serrano e Adriana Ozores. Este pazo, a carón da igrexa parroquial, rexiu durante moitos anos o destino e a economía local.

Nesta parroquia situase a Ponte Colgante de Parada que dá acceso á Insua de Seivane tamén coñecida como Insua de Arriba onde se atopa unha pequena área recreativa e un refuxio de pescadores; é tamén punto de partida da ruta de sendeirismo da Insua de Seivane.

Alfonso Rivas Fernández, pedáneo de Parada: "A parroquia mellorou os servizos nos últimos anos"

Alfonso substituíu como pedáneo ao seu tío José Fernández, hai pouco máis dunha década.

P.- O local social culmina unha vella aspiración de Parada?

Alfonso.- Era algo que levábamnos pedindo hai xa moito tempo, pero non puido materializarse por distintos problemas. Agora xa temos un centro veciñal en condicións.

P.- A nivel de servizos, como está a parroquia?

Alfonso.- Nos últimos anos traballouse na recuperación de fontes e lavadoiros, e na mellora de pistas e camiños. Tamén se avanzou na recollida do lixo e no alumeado exterior.

P.- Qué bota de menos do que lle gustaría ter?

Alfonso.- Hai que continuar mellorando os camiños e as necesidades básicas, e non quedar atrás respecto a outras parroquias.



O presidente da Xunta visitou as instalacións de Outeiro de Rei

Rueda valora a aposta de Reny Picot para contribuír a que Galicia transforme no 2025 o 75% do leite producido

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, valora a aposta de Reny Picot para contribuír a que Galicia transforme no 2025 o 75% do leite producido na Comunidade. O mandatario galego aplaudiu o investimento de Industrias Lácteas Asturianas (firma máis coñecida pola súa marca comercial) e asegurou, nunha visita ás instalacións adquiridas pola empresa de Navia en Outeiro de Rei, que esta aposta por recuperar a explotación chairega dará un pulo á contorna e a toda Galicia: "Aquí empeza un futuro moi prometedor", dixo.

A meta por acadar no ano 2025 unha porcentaxe de transformación do leite forma parte da estratexia de dinamización do sector lácteo, na que se fixaron



Dous momentos da visita de Alfonso Rueda ás instalacións de Reny Picot en Santa Mariña.

unha serie de obxectivos que se están a cumprir. Entre eles, a consolidación de industrias en Galicia -como Reny Picot en Outeiro de Rei ou Queserías Prado en Monforte-, a apertura de mercados -a través de certificacións como o selo Galicia 100%, de produtos alimentarios ligados á marca Galicia Calidade ou do futuro selo de leite de pastoreo-, a fortaleza da cadea de valor ou as políticas levadas a cabo para acadar un prezo do leite máis competitivo que reverta nunha mellora da calidade de vida dos gandeiros galegos. Alfonso Rueda destacou os logros acadados e valorou que os leven a cabo "os que realmente saben, as empresas do sector".

Obradoiros de emprego: traballo e formación para moit@s



Casa da Cultura

O Obradoiro de Emprego "Camiño da Chaira VII", que comparten Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei, ofrece traballo e formación a 20 persoas. Ten unha vixencia de doce meses e está financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. En Outeiro de Rei impártese a especialidade de "Pintura industrial en construción".

Este Obradoiro é a continuación de outras iniciativas desenvolvidas nos últimos anos. O anterior realizou obras de mellora no cemiterio municipal de Outeiro de Rei, nos centros culturais de Francos e Outeiro, e na Casa da Cultura.

Os programas integrados de emprego, unha loita contra o paro



Outeiro de Rei participou con outros concellos da comarca nun programa integrado de emprego que axudou a mellorar a cualificación profesional de 100 persoas. Neste caso ofrecéronse 31 especialidades, como desenvolvemento web, inglés profesional, condutor de carretillas elevadoras e limpeza de instalacións de equipamentos industriais, entre outras alternativas. A metade dos participantes xa acadaron unha oportunidade laboral. Esta iniciativa estivo financiada con 250.000 euros pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Os "Coidados porta a porta" chegaron a Outeiro de Rei

A unidade móbil do programa "Coidados porta a porta", da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, visitou Outeiro de Rei para atender aos veciños e veciñas maiores de 55 anos que se inscribiron previamente en audioloxía, podoloxía e estimulación de memoria. Un dos principais obxectivos do programa é achegar servizos de atención personalizada para que os usuarios non teñan que trasladarse moitos quilómetros de distancia para acceder a eles.

Este servizo é complementario das actividades que promove o propio Concello de Outeiro de Rei, como a ximnasia de mantemento, a estimulación da memoria, ou as charlas e cursos sobre cuestións que poden ser de interese para as persoas maiores, etc.



Unidade móbil do programa Coidados porta a porta da Consellería de Política Social da Xunta.

A Festa dos Xubilados, o 30 de xuño



O Concello de Outeiro de Rei recuperou en 2022 a Festa dos Xubilados, despois de dous anos sen celebrarse polas recomendacións sanitarias derivadas da covid-19. Máis de 500 veciños e veciñas encheron a carpa instalada na área recreativa da Santa Isabel para disfrutar dunha xornada na que houbo unha celebración eucarística para lembrar aos que xa non están, animación musical e unha comida de confraternidade a base de produtos típicos da nosa gastronomía. A previsión do Concello de Outeiro de Rei é que esta Festa dos Maiores volva a celebrarse o vindeiro 30 de xuño, en vésperas da celebración da Santa Isabel.



Taller de memoria e viaxes culturais

A pandemia obrigou a suspender algunhas actividades para as persoas maiores, pero a volta á normalidade permite ir recuperándoas pouco a pouco. O pasado ano o Concello organizou un taller de memoria para manter a mente activa e axudar a un envellecemento activo. Tamén se organizaron excursións culturais a Vilanova dos Infantes (Ourense), ao Pazo de Oca (A Estrada) e Santiago de Compostela.

Escolas deportivas municipais

O Concello de Outeiro de Rei aposta pola práctica do deporte como aspecto importante para desenvolver unha vida saudable. resulta clave o fomento do exercicio desde idades temperás, inculcando aos máis novos costumes que serán importantes para a súa formación e a súa condición física. A oferta deportiva é ampla e variada, baseándose nas preferencias dos nenos e nenas e das súas familias. Durante o curso 2022/23 pode practicarse fútbol sala, baloncesto, ioga, pilates, tiro con arco, tenis, patinaxe, ximnasia na auga, natación, btt, taekwondo, motociclismo e adestramento de motos e karts. O Concello tamén organizou unha xornada para recuperar e inculcar aos máis novos na práctica dos xogos e deportes tradicionais da nosa terra.



ACTIVIDADES TEMPADA 2022-2023



CULTURA - LECER - DEPORTE
PROMOVE E ORGANIZA:
 **CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**
TELF: 982 393 408
www.outeiroderel.gal

Unha morea de actividades de cultura e lecer para tod@s

As actividades de cultura e lecer da tempada 2022/23 inclúen obradoiros para nenos e nenas (arxila, lás, fofuchas, etc), teatro, inglés lúdico, mecanografía, patchwork e costura creativa, manualidades e tapicería de mobles, viaxes ao Monte do Gozo en Santiago, á Fervenza do Ézaro en Dumbría (A Coruña) e ao Faro de Fisterra, e bailes de salón.

A maior parte destas actividades desenvólvense en Outeiro de Rei (ximnasio do polideportivo municipal, aula do CEIP Laverde Ruiz e centro cultural), pero tamén no Centro Cultural de Robra (caso do curso de mecanografía) e na escola de Matela (manualidades e tapicería de mobles).

Desde a Oficina de Información Xuvenil (OMIX) tamén se coordina o funcionamento da Escola Municipal de Música, compartida con Begonte, Rábade e Friol (as clases e os ensaios celébranse nos Centros Culturais de Outeiro de Rei e Robra, e Centro Social de Rábade). Outras actividades son as clases de ximnasia rítmica, de zumba e pádel.



Outeiro de Rei acolle desde hai 15 anos (estamos ás portas da XV edición) a Feira de Artesanía, un evento que concita o interese dos artesáns e creativos de toda Galicia. Numeroso público visitou o recinto feiral no casco vello de Outeiro e na prolongación cara a área recreativa da Santa Isabel, onde se instalaban os case cen expositores. Houbo cerámica, cestería, artesanía da madeira, gancho e calceta, xoiería, coiro, instrumentos de música tradicional, traxes rexionais, ferro, textil e complementos de moda, decoración, xogos de inxenio, cosmética natural, bisutería, esmaltes, antigüidades, etc, e os xa produtos de alimentación. O programa incluíu actividades paralelas, como exposición de coches clásicos, paseos en kayak, unha andaina solidario e varios talleres para nen@s.



A Banda de Música é un dos grandes embaixadores culturais dos catro concellos que a integran, e que conecta coa grande tradición musical da nosa terra. Coa base da Escola de Música e de varios integrantes con experiencia en outras formacións musicais, a Banda adquire especial protagonismo en eventos como a Feira de Artesanía (na imaxe, na Praza do Concello), e noutras celebracións festivas de Begonte, Rábade, Friol e Outeiro de Rei.



O circuito de Outeiro de Rei acolleu varias competicións de motociclismo a nivel autonómico (imaxe superior). E o polideportivo foi o escenario da fase final da Copa Terra Chá de fútbol sala de base.



CUMPRINDO COAS TRADIÇÕES



Visita dos Reis



O Concello de Outeiro de Rei contribúe a manter vivas as nosas tradicións. Colabora coas asociacións nos eventos parroquiais e organiza distintas celebracións coas que se identifican os nosos veciños e veciñas, entre as que non poden faltar o Magosto, Nadal e Reis, e o Entroido. O polideportivo municipal acolleu a tradicional visita dos Magos de Oriente, nunha emotiva xornada para os máis pequenos e as súas familias, que poideron compartir unha boa merenda. E o desfile do Entroido acadou un bo nivel de comparsas e disfraces, admirado en vivo con ledicia e simpatía por moitos espectadores.



Desfile da Entroido



Numerosas persoas acudiron o Domingo de Entroido ao XXIV Concurso de Disfraces de Outeiro de Rei, que tivo lugar na praza da vila; este ano o tempo acompañou e foron moitas as persoas que se apuntaron á festa. Nenos, nenas e maiores gozaron dunha tarde carnavalesca bailando ao son do Trío D'Nika. O concurso repartiu 2.230 euros en premios.